

Investigadores de AtlantTIC e Gradient obteñen importantes recoñecementos no congreso de ciberseguridade JNIC

xoves, 24 de xuño do 2021 / S. P.

As Jornadas Nacionais de Investigación en Ciberseguridade (JNIC), referentes estatais no ámbito da ciberseguridade, foron especialmente propicias para a UVigo. No evento, organizado pola Universidad de Castilla-La Mancha en colaboración co INCIBE (Instituto Nacional de Ciberseguridade), [os investigadores do centro AtlantTIC da Universidade de Vigo acadaron dous premios por dous artigos presentados.](#)



Por unha banda, o xurado outorgou o galardón ao mellor traballo xa publicado ao artigo *A review of Camera Attribution Forensic Analyzer in the Encrypted Domain*, asinado polos investigadores do Grupo de Procesado de Sinal en Comunicións Alberto Pedrouzo-Ulloa, Miguel Masciopinto e Fernando Pérez-González en colaboración con Juan R. Troncoso Pastoriza, da Escola Politécnica Federal de Laussane (Suíza).

A súa proposta foi seleccionada como a mellor entre 30 traballos presentados nesta categoría. No artigo, os enxeñeiros describen un sistema para resolver o problema de atribución de cámara, pero preservando a privacidade da información en todo momento. Este procesado seguro conséguese grazas a que os sinais involucrados están cifrados durante todo o proceso de computación, “polo que a solución proposta permite coñecer dende que cámara determinada se sacou unha imaxe e, á súa vez, evita comprometer a seguridade da información involucrada”, informou a UVigo, engadindo que “aínda que o problema de atribución de cámara é xa coñecido, era a primeira vez que se resolvía traballando con sinais cifrados”.

O segundo galardón do congreso que vén para a UVigo é o premio ao mellor artigo curto, polo traballo *Homomorphic SVM Inference for Fraud Detection*, asinado por Adrián Vázquez-Saavedra, Gonzalo Jiménez-Balsa e Jaime Loureiro-Acuña do Centro Tecnolóxico Gradient, e Manuel Fernández-Veiga e Alberto Pedrouzo-Ulloa de AtlantTIC. Este artigo está baseado no traballo fin de mestrado de Adrián Vázquez-Saavedra, coordinado polo profesor Manuel Fernández-Veiga e defendido no marco do Mestrado Interuniversitario en Ciberseguridade MUniCS. O traballo presenta un prototipo que permite externalizar de forma segura un servizo de detección de fraude empregando esquemas de criptografía homomórfica, que permiten traballar directamente coa información en cifrado.